

EXPEDIENTE:	2026/00040769M
PROCEDIMENTO:	Elaboración, xestión da convocatoria e concesión de subvencións

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 14 de setembro de 2026 adoptou o seguinte acordo:

Aprobación das bases da convocatoria de subvencións dirixidas ás asociacións veciñais sen ánimo de lucro de Santiago de Compostela, para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral durante o exercicio 2026.

A proposta é do seguinte teor literal:

Primeiro. O Concello de Santiago de Compostela, a través da Concellaría de Relacións Veciñais, vén realizando anualmente unha convocatoria para a concesión de subvencións dirixidas ás asociacións veciñais para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral.

Os obxectivos xerais que motivan a presente convocatoria son os seguintes:

- Apoiar a realización dos distintos programas de actividades que potencien o interese xeral ao servizo da mellora e fomento da cultura, das relacións veciñais e da participación efectiva da cidadanía.
- Dinamizar os centros e locais socioculturais que utilizan as asociacións veciñais no Concello de Santiago de Compostela para o encontro da veciñanza e o desenvolvemento das súas actividades.
- Promover actividades de interese xeral (educativas, culturais, de lecer, de convivencia, festivas e análogas) a desenvolver nos locais de uso das asociacións, destinadas a todos os públicos, promovendo as relacións e o achegamento entre a veciñanza dos distintos lugares do Concello, a través de programas tanto no propio centro e para esa veciñanza en concreto, como de actividades en rede concibidas en clave de cidade.

Segundo. A contía total prevista no orzamento 2026 é de 90.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 070 33404 4890100, na que existe crédito orzamentario axeitado e suficiente segundo consta no documento contable RC nº 12026000046152.

Terceiro. Obran no expediente as bases reguladoras da convocatoria correspondente ao exercicio 2026, así como o informe técnico-xurídico sobre a súa adecuación á normativa aplicable.

Primeira. Normativa aplicable.

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Resolución do 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións (BOE núm. 299, do 15/12/2015).
- Regulamento de Participación Cidadá. Aprobado por Acordo Plenario do 4 de decembro de 1998. Publicado no BOP de A Coruña o 9 de xaneiro de 1999.
- Bases de Execución do Orzamento Municipal do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2026.

Segunda. Competencia municipal e habilitación.

A convocatoria atópase amparada nas competencias propias municipais recollidas no artigo 25.2 da Lei 7/1985, así como nos artigos 69 e 72 da mesma norma, relativos ao fomento do asociacionismo veciñal. No ámbito autonómico, o artigo 255 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispón que os concellos galegos favorecerán o desenvolvemento das asociacións constituídas para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, establecendo no seu apartado 5 que a asignación de medios e a distribución de axudas se efectuarán con criterios obxectivos, de acordo coa representatividade das asociacións.

Terceira. Órgano competente.

O órgano competente para a aprobación das bases e da convocatoria, así como para a aprobación do gasto, é a Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, e coas Bases de Execución do Orzamento Municipal.

Á vista de canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte os seguintes acordos:

Primeiro. Aprobar as bases da convocatoria de subvencións dirixidas ás asociacións veciñais sen ánimo de lucro de Santiago de Compostela, para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral durante o exercicio 2026.

Segundo. Autorizar o gasto de 90.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 070 33404 4890100 (RC nº 12026000046152).

Terceiro. Aprobar o pagamento anticipado parcial da subvención, nos termos que constan nas bases reguladoras, sen necesidade de constitución de garantía.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro. Aprobar as bases da convocatoria de subvencións dirixidas ás asociacións veciñais sen ánimo de lucro de Santiago de Compostela, para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral durante o exercicio 2026.

Segundo. Autorizar o gasto de 90.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 070 33404 4890100 (RC nº 12026000046152).

Terceiro. Aprobar o pagamento anticipado parcial da subvención, nos termos que constan nas bases reguladoras, sen necesidade de constitución de garantía.